

**BLACKBERRY MESSENGER**  
**CONFIRMACIÓN DA LICENZA**

Research In Motion Limited ou unha das súas filiais (“RIM”) ten o pracer de poñer á disposición de Vostede (é dicir, vostede individualmente ou se está autorizado para adquirir o Software do cliente en nome doutra entidade, este Vostede refírese a esta entidade) de balde BlackBerry Messenger (o “Software do cliente”). O Software do cliente é Software portátil para BlackBerry e RIM proporcionalle a vostede a licenza baixo os termos do Acordo de licenza de RIM para software de BlackBerry (BlackBerry Software License Agreement, “BBSLA”). O termo Software portátil para BlackBerry, tal como se define no BBSLA, inclúe software propiedade de RIM que se transmite, distribúe ou fornece dalgún outro xeito por RIM ou outra empresa no seu nome, de cando en vez, para o seu uso nun produto portátil, é dicir, inclúe este Software do cliente. Polo tanto, se Vostede xa aceptou os termos e condicións do BBSLA en relación ao uso do seu Produto BlackBerry (tal como se define no BBSLA), entón AO FACER CLIC EN “ACEPTO” NO ESPAZO INDICADO ABAIXO, VOSTEDE ESTÁ A RECOÑECER QUE ESES MESMOS TERMOS E CONDICIÓNS AUTOMATICAMENTE SE APLICARÁN AO SEU USO DO SOFTWARE DO CLIENTE. SE AÍNDA NON ACEPTOU O BBSLA, AO FACER CLIC EN “ACEPTO” NO ESPAZO INDICADO ABAIXO, VOSTEDE ACEPTA A OBRIGA DE RESPECTAR O BBSLA QUE SUBSTITÚE E INVALIDA CALQUERA ACORDO DE LICENZA ANTERIOR DE RIM QUE SE APLIQUE ACTUALMENTE A CALQUERA OUTRO SOFTWARE USADO NO SEU PRODUTO BLACKBERRY. SE NON DISPÓN DO BBSLA VIXENTE Á MAN, PODE ATOPALO EN [WWW.BLACKBERRY.COM](http://WWW.BLACKBERRY.COM) OU CONTACTANDO CON RIM A TRAVÉS DE [LEGALINFO@RIM.COM](mailto:LEGALINFO@RIM.COM).